



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE XANEIRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día cinco de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Real decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. (Boletín Oficial do Estado número 315, do día 30 de decembro de 2014).

- Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, presidencia da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 249, do día 30 de decembro de 2014).

- Escrito do letrado-asesor xurídico da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 30 de decembro de 2014, co número 0/11134, no que comunica que con data do día 22 de decembro de 2014, se lle notificou a sentenza do día 15 de decembro de 2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, no recurso P.O. 63/2014, na que se desestima a demanda promovida pola Asociación Gallega de Escuelas Infantiles (AGA DEI), contra o Concello de Cambre, sobre convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre, para construír unha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre.

- Anuncio da Resolución de 17 de decembro de 2014, do Concello de Cambre (A Coruña), referente á convocatoria para prover posto de traballo polo sistema de concurso: un posto de xefe de negociado (atención S.A.C.), pertencente á escala de Administración Xeral, subescala administrativa/auxiliar. (Boletín Oficial do Estado número 4, do día 5 de xaneiro de 2015).



3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hai unha colonia de gatos na casa da cultura Vila Concepción e que hai presentadas reclamacións dos veciños. Engade que o Consorcio presenta como solución, de acordo coas asociacións protectoras de animais, cambialos de sitio, así como esterilízalos.

A continuación, informa que o novo persoal da brigada de servizos comezará a traballar o vindeiro día 12 de xaneiro.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que o vindeiro xoves comezarán cos traballos de canalización para solucionar o problema do lavadoiro de Altamira.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que están a redactar as bases do programa "Cambre emprende 2015" e posiblemente se presentará para o pleno do mes de xaneiro.

A seguir informa que hoxe acaba a campaña do Nadal.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que, aproveitando as vacacións do Nadal, se colocou o portal novo no CEIP Torrente Ballester, de Sigrás.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que esta tarde terá lugar a cabalgata dos Reis Magos, di que sairá ás 17.30 horas das naves do Temple. A chegada a Cambre será sobre as 20.00 horas e a recepción terá lugar no pavillón, con invitación de chocolate, pero, como novidade, este ano non se permitirá que a xente permaneza logo de recibir os agasallos. Entrarán polo colexio e saíran polo pavillón.

A seguir, informa que o vindeiro día 13 de xaneiro terá lugar a reunión respecto do Camiño de Santiago co resto de Concellos afectados. Será no salón de sesións do deste Concello.

Igualmente, informa que o vindeiro día 16 de xaneiro, ás 19,00 horas no centro socio cultural do Graxal terá lugar a representación teatral "A guerra das Galicias", a cargo da compañía Cachirulo Teatro.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado día 29 de decembro tivo lugar a entrega dos premios do III Certame de relato breve do Nadal, así como unha representación de contacontos e cine navideño, con gran asistencia de público.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Manuel Rivas Caridad

Verónica Maria Otero López